



CONCELLO DE VIANA DO BOLO

REXISTRO ENTRADA

2023-E-RC-1419

30/05/2023 08:59



Sr/a alcalde/sa do Concello de Viana do Bolo
Rúa da Constitución, nº 14
32550 - Viana do Bolo
Ourense

En cumprimento do Plan galego de estatística 2022-2026 (Lei 16/2021, do 20 de decembro, DOG nº 249 do 29 de decembro de 2021) este Instituto está a realizar a operación estatística "**Enquisa estrutural a fogares**". Esta operación é unha investigación de carácter oficial cuxo obxectivo principal é reflectir as condicións de vida das familias galegas en relación con diversas variables de interese como nivel de estudos, ingresos e gastos do fogar e dos seus membros etc.

A enquisa diríxese a 9.216 vivendas repartidas por todo o territorio galego, sendo o motivo desta carta informalos de que no deseño mostral da enquisa figuran vivendas pertencentes ao seu concello, as cales serán visitadas entre o 12 de xuño e o 25 de xuño (período de enquisación da enquisa nese concello) por persoal enquisador **debitadamente acreditado** para cubrir un cuestionario estatístico.

As vivendas seleccionadas recibirán unha carta remitida polo Instituto Galego de Estatística na que se lles informa do obxectivo da enquisa, dos medios facilitados para contestala (internet, teléfono gratuito ou poñéndose persoal enquisador en contacto co fogar), da **obriga de facilitar esos datos**, tal e como indica o artigo 18 da Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia, e de que a información proporcionada é **estritamente confidencial** e está protexida polo **segredo estatístico**, segundo establecen os artigos 24-28 da citada Lei.

Se algún fogar seleccionado se pon en contacto co Concello pedindo información da enquisa, rogamos comuniquen as características dela e/ou remitan a consulta ao Instituto Galego de Estatística a través do teléfono gratuito 900 102 104 en horario de 9:00 a 14:00 (teléfono facilitado aos fogares na carta).

Para calquera dúbida pódense poñer en contacto co técnico responsable da actividade estatística Francisco Javier Barriuso Noya (teléfono: 981 541 386).

Agradecéndolle de antemán a súa colaboración, reciba un cordial saúdo.

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2023

O director do Instituto Galego de Estatística

José Antonio Campo Andián